

2º ESO
EXERCICIOS RESOLTOS-11ª SEMANA DO 1 AO 5 DE XUÑO

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN:

Xa recibimos moitas redaccións sobre o acontecido neste curso tan “atípico” e aínda esperamos máis. Tedes ata o luns, día 8, para envialas.

3ª SESIÓN:

OS NOMES DAS COUSAS. O PARENTESCO. (Páx. 160 e 161)

1. A partir da árbore xenealóxica, di se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos. No caso dos falsos, convérteos ti en verdadeiros segundo as relacións de parentesco das persoa nomeadas.

1. Mónica é irmá de Arturo e filla de Xosé. **Falso**(Mónica é irmá de Arturo e nora de Xosé)
2. María é avoa de Armando: **Falso** (María é sogra de Armando)
3. Marcos é xenro de Alicia e sobriño de Mónica: **Falso** (Marcos é xenro de Alicia e cuñado de Mónica)
4. Erea é curmá de Matías e neta de Xabier: **Falso** (Erea é curmá de Matías e sobriña de Xabier)
5. Uxía é tía de Xián: **Falso** (Uxía é curmá de Xián)
6. Miguel é curmán de Xabier: **Falso** (Miguel é cuñado de Xabier)
7. Erea e Uxía son netas de Alicia e de María: **Falso**, mal expresado (Erea é neta de María e Uxía é neta de Alicia)
8. Manuel e Xosé son cuñados: **Falso** (Manuel e Xosé son consogros).
9. Iria e Marcos son sobriños de Xián e Erea: **Falso** (Iria e Marcos son tíos de Xián e Erea)
10. Arturo e Armando son curmáns: **Falso** (Arturo e Armando son cuñados).

2. Indica o termo axeitado a cada definición:

- a) Muller do pai, respecto dos fillos que este leve ao matrimonio: **MADRASTA.**
- b) O que perdeu os pais ou un deles: **ORFO.**
- c) Sen cónxuxe, por ter falecido este e por non casar de novo: **VIÚVO/A.**
- d) Madriña do neno ou nena acabado de nacer con respecto aos pais: **COMADRE.**
- e) Calquera persoa en relación co seu padriño ou madriña: **AFILLADO/A.**

3. Relaciona a palabra co seu recíproco

Padriño: afillada

Dona: home

Madrasta: fillastro

Nora: sogro

Sobriño: tía

4. Cal é o significado destas frases feitas?

Constrúe un enunciado con cada unha delas.

- *Ser fillo de seu pai*: Persoa de carácter semellante ao de seu pai.
- *Calquera fillo de veciño*: Calquera persoa, todo o mundo.
- *Ser fillo do demo*: Ser unha persoa revoltosa, travesa.
- *Sacar a alguén de nai*: Provocar que alguén se enfureza.
- *Saír de nai*: Excederse no que se di ou fai.
- *Pai de todos*: Dedo corazón.
- *Ser o pai da criatura*: Ser o causante ou responsable de algo.

Resposta libre, pero deixámosvos algúns exemplos:

Collen unha perrencha enorme, éche ben fillo do seu pai.

Temos que baixar o lixo pola noite como calquera fillo de veciño.

Coa súa actitude parece fillo do demo.

Déxolle unhas cousas que a sacon de nai.

O alcalde saíuse de nai coas súas declaracións.

O terceiro dedo, ou pai de todos, normalmente é o máis longo da man.

A profesora, despois de ver a pintada na parede, preguntou quen era o pai da criatura.